

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2007.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás trece horas minutos do día dez de decembro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, Dña. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey e Dña. Anxos Díaz Prados. Faise constar que D. Moisés Rivadulla Fernández ten renunciado ao seu cargo de concelleiro.

Actúa como secretaria accidental a funcionaria, Dña. María Raquel Paz Gabín.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 15.11.2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 15 de novembro de 2007.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

– **D. GUILLERMO PEREIRA ROLDÓS (EXP. 106/2006) segundo solicitude de data 16 de xuño de 2006**, para acondicionamento de planta baixa e planta primeira para vivenda, en Avda. do Mar nº 37, referencia catastral: 0328011NJ6102N, clasificación do solo: SU-CA (Solo Urbano de Casco Antigo). *Deberán de observarse todas as condicións esixidas polo Servizo de Protección do Litoral da Consellería Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 19.01.2006, (expte. A-116/2006).*

As condicións urbanísticas do edificio non se modifican.

O técnico director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto, D. Miguel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

– **Dna. AURORA BEN PENA (EXP. 208/2006) segundo solicitude de data 20 de novembro de 2006**, para cambio de tellado dunha adega, en San Vitorio nº 22, referencia catastral: 2811018NJ6121S.

Non poderá modificar o volume existente, e rematarase a cuberta con tella do país.

En zona de reforma non terá máis de 2 metros de altura.

Separará 2 metros de calquera lindeiro incluída a vivenda e outras edificacións.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

– **FOMENTO INMOBILIARIO Y CONSTRUCCIÓN OBRAS S.L. (EXP. 33/2007) segundo solicitude de data 6 de marzo de 2007**, para instalación de guindastre, na parcela interior da R/ Contramestre Casado nº 20, referencia catastral: 0626001NJ6102N.

Deberán de realizarse as revisións periódicas do apartado 10 da ITC MIE-AME 2.

Segundo o artigo 57 do P.X.O.M. valarase o contorno cunha altura de 2 metros, en todo o perímetro do guindastre.

Todos os danos observados na vía pública a consecuencia das obras ou almacenamento deberanse reparar polo propietario no prazo máximo de 1 mes unha vez rematada a obra.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 36 meses.

– **D. JUAN A. MARTÍNEZ CARPENTE (EXP. 137/2007) segundo solicitude de data 25 de xuño de 2007**, para colocación de plaqueta no baixo da vivenda en 18 m², en San Vitorio nº 20, referencia catastral: 2811018NJ6121S.

Autorízase tamén unha soleira de formigón no exterior da vivenda en execución de beirarrúa, pegada á vivenda en 18 m².

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **D. LEOPOLDO ALEJOS GARCÍA (EXP. 130/2007) segundo solicitude de data 15 de xuño de 2007**, para obras de menores de rehabilitación da vivenda, en R/ San Fernando nº 19, referencia catastral: 0223901NJ6102S. De acordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 20.11.2007, obrante no expediente.

As obras consistirán en substitución de falso teito de madeira, substitución de puntóns de madeira deteriorados por outros de madeira de teka, colocación de novo pavimento na entrada e escaleiras, trasdosados de pladur en paredes de pedra en planta baixa e división interior en pladur, pintura de paramentos interiores e exteriores da vivenda, lixado e pintado de carpintería e balaústre de balcón de madeira e forxa respectivamente, e substitución de canalón e baixantes de recollida de augas pluviais.

Os revocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona e a pedra das fachadas será natural da zona en sillares ou chapeados non ostentosos nin brillantes.

Os balaústres serán de forxa ou madeira análogos aos do contorno.

As fachadas de medianeira, e as posteriores terán as mesmas consideracións estéticas que

as fachadas principais.

Para as tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Produción e Xestión de Residuos, R.D. 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a Execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante R.D. 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra, ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

B) PECHES:

- D. JOSÉ AGUSTÍN MONTERO FONTÁN (EXPTE. 66/2007) segundo solicitude de data 2 de abril de 2007, para peche, en A Pedreira nº 41, referencia catastral: 1620030NJ6112S.

O peche será de pedra e reixa e terá 14 m. de lonxitude e unha altura total de 1,50 m.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 m. de altura e de reixa até acadar o 1,50 m. de altura. Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de arames, nin as terminacións agudas.

Distará do eixo da vía pública 8 m., debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- D. MANUEL MONTEROSO RAPOSO (EXPTE. 174/2007) segundo solicitude de data 24 de agosto de 2007, para peche de bloque e reixa, en Avda. Bello Piñeiro nº 20, referencia catastral: 4019007NJ6131N.

O peche fronte á Avda. Bello Piñeiro terá 22,50 metros de lonxitude, e unha altura total de 1,50 metros.

O peche entre propiedades terá unha lonxitude de 34 metros.

Autorízase tamén a colocación dun portal de 4 metros de lonxitude, no interior da parcela, e non poderán invadir a vía pública.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura, e de reixa até acadar os 2 metros de altura. (Segundo o acordo plenario do 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10.10.2007).

Non están permitidos os peches con malla tipo “*galiñeiro*” ou de arames nin as terminacións agudas.

Situarase na aliñación existente a continuación da beirarrúa da Avda. Bello Piñeiro, e deberá de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- **Dna. MARÍA PÉREZ FONTENLA (EXPTE. 209/2007) segundo solicitude de data 22 de outubro de 2007**, para peche de bloque e reixa fronte a camiño público, San Vitorio nº 37, referencia catastral: 2710002NJ6121S.

O peche terá 20 metros de lonxitude, unha altura total de 1,50 metros e non será opaco en máis de 1 metros de altura.

É obrigatorio o pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Autorízase tamén a colocación dun portal de acceso á finca, de 3,50 m. x 1,50 m., e outro de 1 metro de ancho.

O peche distará do eixo da vía pública 4 metros, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

C) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:

-**Dna. MÓNICA PENA CORTIZAS en representación de VECIÑOS EDIFICIO SAN TELMO Nº 12 (EXPTE. 79/2007) segundo solicitude de data 13 de abril de 2007**, para cambio de cuberta, na R/ San Telmo nº 12, referencia catastral: 0223106NJ6102S, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Tomás García Monteagudo e visado polo C.O.A.G. en data 10.04.2007. De acordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 20.11.2007, obrante no expediente

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-CA, Solo Urbano de Casco Antigo.

A finalidade da licenza é a substitución da estrutura portante de cuberta e cubrición actual por unha de formigón armado con cubrición de placa de fibrocemento e tella do país, así como a eliminación do peto de fachada e substitución por canalón exterior.

Non se producirán aumentos de volume.

O proxecto cumpre o art. 203.b do P.X.O.M. referente ás condicións de cuberta: saliente máximo no aleiro < 0,30 m. sobre o voo da rúa, altura máxima de cumio < 3,60 m. e pendente de cuberta < 30°.

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Tomás García Monteagudo e o arquitecto técnico director das obras é D. Jorge Durán Paineiras.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

Deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

- **D. JAIME ROCA ESPIDO en representación de GOYVAR INVERSIONES S.L. (EXPTE. 11/2007 e 207/2007) segundo solicitudes de datas 30 de xaneiro de 2007 e 15 de outubro de 2007**, para construción de edificio de 46 vivendas, garaxes e rochos, na R/ Peteiro nº 37, referencia catastral: 9924001NJ5192S, segundo proxecto básico, proxecto de execución e modificado de proxecto básico e de execución redactados polo arquitecto D. Manuel Porto Vila, visados polo C.O.A.G. en datas 14.12.2006, 07.03.2007 e 10.10.2007 respectivamente. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (9.952,32 €).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-SD, Solo Urbano Semidenso.

A finalidade da licenza é a construción dun edificio para destinalo a 46 vivendas, garaxes e rochos.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	2.255,00 m ²	300,00 m ²
b) Fronte mínimo	maior	6,00 m. fachada
c) Lindeiros	maior	3,00 m.
d) Fondo máximo	14,00 m.	14,00 m.
e) Retranqueos a aliñacións	E.Detalle	10,00 m.
f) Altura	cumpre	10,00 m
g) Edificabilidade	cumpre	E.D. e P.X.O.M.
h) Cuberta	cumpre	art. 84

A execución da mellora da urbanización deberá ser previa ou simultánea á execución da obra maior e deberá estar rematada todo o mais ao rematar esta.

Non é necesaria cesión, dado que esta xa se ten realizada por unha licenza anterior axustada ao P.X.O.M., materializada nun contrato de cesión asinado por D. José Antonio Isidro Fonte Rodeiro, o 16 de xaneiro de 1999.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 2.083.352,32 €.

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Manuel Porto Vila, e o arquitecto técnico director das obras é D. Manuel Guillermo Antón Villamil.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

Para a apertura do garaxe deberá contar coa preceptiva licenza de actividade, de acordo co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Debido a que se prevé unha creación de escombros deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

3.- LIQUIDACIÓN PLUSVALÍAS 4/2007: RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL.

Advertido erro material no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o día 15 de novembro de 2007, concretamente no punto **5.- LIQUIDACIÓN PLUSVALIAS Nº 4/2007**, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á rectificación do erro padecido, tal e como figura deseguido:

ONDE DI:

Vista a liquidación de plusvalías núm. 4/2007, conformada pola interventora municipal, segundo a relación que comeza co expte. núm. 121/03 e remata co expte. 133/03, proponse á Xunta de Goberno Local:

DEBE DICIR:

Vista a liquidación de plusvalías núm. 4/2007, conformada pola interventora municipal, segundo a relación que comeza co expte. núm. 121/03 e remata co expte. 133/03, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

Quedando, en consecuencia, redactado o acordo do seguinte xeito:

LIQUIDACIÓN PLUSVALIAS Nº 4/2007

Vista a liquidación de plusvalías núm. 4/2007, conformada pola interventora municipal, segundo a relación que comeza co expte. núm. 121/03 e remata co expte. 133/03, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar a súa aprobación ós expedientes do ano 2003 (liquidación núm. 4/2007) por un importe total de ONCE MIL SETENTA E DOUS EUROS CON DEZASETE CENTIMOS (11.072,17 €), tal e como figura deseguido:

Nº EXPTE.	NOME	IMPORTE
121.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	12,42
121.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,17
122.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	12,42
122.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,17
123.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	12,42
123.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,17
124.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
124.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,18
124.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	1,00
125.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
125.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,92
125.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,18
126.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
126.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,92
126.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,18
127.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
127.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	1,00
127.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,18
128.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
128.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,18
128.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,92
129.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
129.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	1,00
129.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,18
130.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
130.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,17

130.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	1,20
131.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
131.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	1,22
131.3/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,17
132.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
132.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,17
133.1/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	16,30
133.2/03	MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.	0,17
	TOTAL	210,71

2.- Que se proceda á súa notificación cos recursos pertinentes.

4.- PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 2 CEIP UNIÓN MUGARDESA: CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

Visto o escrito da Deputación Provincial de A Coruña, de data 23.11.2007, polo que se devolven as certificacións núm. 1 e 2 da obra citada, debido a que algunhas partidas que figuran na relación valorada non se axustan ao proxecto modificado das obras.

Visto así mesmo o escrito presentado polo adxudicatario, de data 30.11.2007, pola que se presenta nova certificación das obras, debido aos erros detectados nas certificacións núm. 1 e 2.

Atendido o informe da intervención municipal, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1.- Anular as certificacións de obra núm. 1 e 2 das obras de PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 2 CEIP UNIÓN MUGARDESA, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 18.10.07 e 15.10.2007, e polos importes de 42,003, 66 € e 7.856,52 €, respetivamente.

2.- Prestar aprobación á certificación 1-única da obra “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 2 CEIP UNIÓN MUGARDESA”, incluída no Plan Especial de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas 2006-2ª fase da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, da que é adxudicatario D. MANUEL VARELA COLLAZO. S.L., por importe de OITENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS CUARENTA E UN EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (82.241,93 €), con cargo á partida 2007.1.313.0.622.01 do orzamento vixente, prorrogado do 2006, así como á factura correspondente a dita certificación.

3.- Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 29 de novembro de 2007.

5.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 752/2007, 765/2007 E 766/2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda ratificar as resolucións da alcaldía que figuran deseguido:

1) **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 752/200, DE 26.11.2007.- Visto o “MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENTORNO DO**

MERCADO II” redactado, en data novembro 2007, pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz, cun importe de execución por contrata de 169.819, 56 euros.

E tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, pola presente RESOLVO:

1º.- Prestar aprobación ó “MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO II “, polo importe de 169.819,56 €, redactado, en data novembro 2007, pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz, sinalando que o presente modificado non supón incremento sobre o prezo do contrato (161.328,58 €, IVE incluído) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 17.10.2007.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, por contar dita obra cunha subvención finalista do citado organismo, remitíndolle así mesmo un exemplar do proxecto modificado aprobado.

3º.- Ratifíquese o presente acordo pola Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

2) RESOLUCION DA ALCALDIA N° 765/2007, DE 29.11.2007.- *Vista o certificado da obra de “REHABILITACION DA ESCOLA UNITARIA DE NOVÁS-A PEDREIRA” subscrito pola directora de obra Dª. María José García Barreiro, por importe de NOVENTA E SETE MIL SEISCENTOS SESENTA E SETE EUROS (97.667,37 €), presentada pola dirección de obra mediante escrito de data 29 de novembro do actual, pola presente **RESOLVO:***

1.- Prestar aprobación ao certificado da obra de “REHABILITACION DA ESCOLA UNITARIA DE NOVÁS-A PEDREIRA”, da que é adxudicatario D. CONSTRUCCIONES SEIFRAN S.L., por importe de NOVENTA E SETE MIL SEISCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (97.667,37 €), con cargo á partida 2007.0.451.0.63200 do orzamento vixente, a efectos da súa remisión á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, por contar cunha subvención finalista do citado organismo.

2.- Requirir á empresa adxudicataria para que presente a documentación que deseguido se relaciona:

- *Certificación de obra no modelo oficial establecido no Regulamento de Contratación das Administracións públicas, por quintuplicado exemplar, acompañada da correspondente relación valorada e debidamente asinada por director de obra e adxudicatario.*
- *Factura correspondente á devandita certificación de obra.*
- *2 Fotografías do cartel sito na obra polo que se da adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención.*

3.- Ratifíquese pola Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

3) RESOLUCION DA ALCALDIA N° 766/2007, de 30.11.2007.- *Vista a certificación n° 3 da obra de “RESTAURACIÓN MERCADO MUNICIPAL”, por importe de OITENTA E SEIS MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS, pola presente **RESOLVO:***

1.- Prestar a súa aprobación á certificación n° 3 da obra de “RESTAURACIÓN MERCADO

MUNICIPAL.”, da que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., por importe de OITENTA E SEIS MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (86.785,96 €), con cargo á partida 2007.0.622.0.63202 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2.- Declarar o cumprimento, con respecto ás certificacións aprobadas núms. 1, 2 e 3, da finalidade para que foi concedida a subvención outorgada pola Consellería de Innovación e Industria, ao abeiro da orde do 9 de marzo de 2006 (D.O.G. núm. 22.03.06) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións á corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais, así como dos requisitos e condicións que determinan a concesión e gozo da mesma, con estrita aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

3.- Ratifíquese pola Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

6.- ACTA DE ENTREGA DE OBRAS E INSTALACIÓNS DE “ABASTECIMIENTO DE AUGA Á ZONA ALTA DE FRANZA 1ª FASE”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa conformidade á acta de entrega de obras e instalacións de “ABASTECIMIENTO DE AUGA Á ZONA ALTA DE FRANZA 1ª FASE”, de data 09.11.2007, segundo texto obrante no expediente.

7.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 18º das Bases de Execución do Orzamento de 2007, prorrogado do 2006, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Provedor e Concepto	Importe
235	33	2007.0.751.0.22602	ITEM-AGA, S.L. 10000 GUIAS CONCELLO DE MUGARDOS, SABOR DO MAR	5.684,00 €
1644	114	2007.0.432.0.22706	SERUMANO S.L. REDACCION PROXECTO BASICO E DE EXECUCION, ESCOLA DE NOVAS	4.524,00 €
1762	MG 07/09	2007.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO DO SERVIZO PUBLICO DE ANTENCION A INFANCIA NA ESCOLA INFANTIL DE AS LAGOAS, MES SETEMBRO	5.995,47 €
1813	2034800	2007.0.441.0.22706	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. 50% ANALISES NO SERVIZO DE AUGA DE MUGARDOS	3.126,19 €

1889	2/2007	2007.0.322.0.22723	CARMEN PEREZ PEREZ DOCENCIA CURSO PLAN FIP N°6031 COIDADORA ESCOLA INFANTIL, OUTUBRO	5.808,00 €
1917	MG07/10	2007.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO PUBLICO DE ATENCION A INFANCIA DE AS LAGOAS, MES OUTUBRO	5.995,47 €
2103	0700019	2007.0.121.0.62200	CONSTRUCCIONES CESAR REY ROMERO, X.L. REPARACION LOCAL SITO NA R/PETEIRO, 7- BAIXO	17.709,04 €

2º.- Deixar pendente, para aclaración pola concellaría correspondente, a factura que figura deseguido:

Req.	Fact	Partida	Provedor e Concepto	Importe
1856	403	2007.0.321.0.22602	GALERIA SARGADELOS MATERIAL DIDACTICO COA NORMATIVA DO GALEGO (2003)	3.000,00 €

8.- CONCESIÓN DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE INMOBLES DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL.

Tendo en conta o informe da arquitecta da Oficina Municipal de Rehabilitación de data 16.07.2007, obrante no expediente, así como o ditame favorable da comisión de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial á seguinte subvención ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

- **D. LEOPOLDO ALEJOS GARCÍA (EXPTE. MUG_ 0306) segundo solicitude de data 15 de xuño de 2007**, propietario da vivenda sita na R/ San Fernando nº 19, pola contía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 9.000,00 €, para rehabilitación de edificio e actuacións para adecuación das condicións de habitabilidade.

2.- Concederlle a bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugardos.

Sen máis asuntos para tratar, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretaria accidental da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE